

Amigas e amigos.

Voa nosa gratitude para a súa presenza e para Galería Sargadelos, a quen felicitamos por este fermoso edificio remodelado, que pouco a pouco ao longo de tantos anos forma parte de xeito cálido e entrañable das nosas biografías persoais, ao mesmo tempo que ilumina con luz propia a biografía colectiva da cultura do noso país.

O libro que hoxe lles a presentamos é *Os reises da Galiza*, que non é só a relación biográfica dos mesmos, senón que definen o Reino da Galicia como reino non dependente e tamén nas súas relacións cos outros reinos peninsulares. A importancia é grande, pois nos sitúa na nosa importancia real como protagonistas da propia historia como povo e o noso peso na historia compartida cos outros reinos peninsulares.

E están con nós os dous autores do libro, na súa parte gráfica e na súa parte de investigación histórico-documental:

Antonio Fernández Calo, Porto do Son, 1981, ten realizado ilustracións para revistas, páxinas web, carteis e outros soporte. Gañou o segundo e terceiro premios en anos consecutivos, 1997 e 1998, do Certame de murais ao aire libre do Barbanza. Ten exposto no Centro de interpretación do Castro de Baroña, no Porto do Son, e na Escola de artes Pablo Picasso da Coruña.

Anselmo López Carreira (Vigo, 1951) é doutor en historia pola universidade de Santiago de Compostela, catedrático no I.B. "María Soliño" de Cangas e profesor-titor na UNED-Ourense. O seu campo de investigación centrouse na baixa idade media, preferentemente nos temas das irmandades, o mundo urbano e a edición de fontes documentais, sobre os que publicou os libros *A revolución irmandiña* (1987); *Os irmandiños: textos, documentos e bibliografía* (1991); *Ourense no século XV* (1991); *A cidade de Ourense no século XV* (1998); *Rexistros de Xoán García, 1484* (1993); *Padróns de Ourense do século XV* (1995) e o *Pleito das fortalezas de Ourense, 1455-1456* (1998), así como numerosas ponencias presentadas a congresos ou cursos e artigos en revistas (*Boletín Auriense*, *Brigantium*, *Porta da Aira*, *Grial*, *Encrucillada*) e outras publicacións periódicas (*A Nosa Terra*, *La Región*, *La voz de Galicia*, *Auria*). Elaborou ademais un breve estudio divulgativo sobre o *Reino de Galiza* (1998) e, acerca do período suevo, a biografía histórica *Martiño de Dumio, a creación dun reino* (1996). participou tamén en senllos manuais de *Historia de Galicia* (1979 e 1991) e nunha *Historia xeral de Galicia* (1997).

